

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E AMGEN S.A. PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA XORNADA DE ACTUALIZACIÓN EN PATOLOXÍA GASTROINTESTINAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante ACIS) formalizou, o día 16 de outubro do 2024, con Amgen, S.A. o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia dende o día seguinte o da sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar na organización dunha xornada de actualización en patoloxía gastrointestinal para fomentar e apoiar a formación continuada dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Polo Decreto 112/2015, de 31 de xullo, creouse a ACIS, adscrita á consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos da planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia. A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Que Amgen é unha compañía biotecnolóxica que ten como obxecto social a investigación, desenvolvemento, marketing e procedemento de ensaios clínicos, fabricación e comercialización de especialidades farmacéuticas, entre cuxos fins está promover e apoiar a formación dos profesionais sanitarios.

O presente convenio formalízase ao amparo do establecido no artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que "As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia" e, de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os "Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral", e en cuxo apartado 1 establécese que "Entenderase por convenio de colaboración empresarial en

actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel por o cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe una prestación de servizos”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

